

# IGNICIA: CONECTANDO CIENCIA E EMPRESA DESDE GALICIA



O Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento é unha iniciativa singular e pioneira en España, que foi destacada como boa práctica pola OCDE\*. Promovido desde 2016 pola Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia, ten como obxectivo transferir os resultados da investigación realizada nos centros de coñecemento galegos ao tecido produtivo, de maneira que se valorice o investimento en ciencia, xerando tamén impacto na sociedade. Ignicia contribúe a facer rendible, económica e socialmente, o investimento público que se realiza no campo da investigación.

Este programa serve de nexo entre a ciencia excelente e a contorna empresarial, permitindo converter a investigación en solucións de mercado, ademais de impulsar os distintos ámbitos relacionados co proceso de transferencia. Ignicia desenvólvese a través de varias liñas de actuación, como son o financiamento e apoio aos procesos de valorización, a formación e profesionalización, o fortalecemento de estruturas, a interacción e promoción do Sistema Galego de I+D+i e a monitorización do sistema de transferencia.

# LIÑAS DE ACTUACIÓN

## 1. Financiamento e apoio aos procesos de valorización

### Convocatoria Proba de Concepto

Apoia e financia o desenvolvemento de aplicacións comerciais das investigacións xeradas nos centros de coñecemento galegos en forma de *spin-off* ou acordos de licenza.

### Metodoloxías para mellorar os procesos de transferencia

Ignicia proporciona aos centros de coñecemento procedementos para determinar a viabilidade da comercialización dos resultados das actividades de I+D.

#### PUBLICACIÓNS

I+D

Metodoloxía para a avaliación preliminar dos resultados da I+D xerados polos axentes do Sistema Galego de Innovación



Metodoloxía de avaliación preliminar de resultados de I+D en materiais no Sistema Galego de Innovación



Metodoloxía para a avaliación do potencial comercial das tecnoloxías protexidas mediante patente





## 2. Formación e profesionalización

---

### Formación e capacitación do persoal de xestión de transferencia

---

Ignicia forma e asesora ao persoal xestor de transferencia para optar ao certificado RTTP (*Registered Technology Transfer Professional*), que recoñece a nivel internacional a este colectivo de profesionais. Tamén se organizan outras actividades orientadas a atender as necesidades de capacitación dos profesionais da valorización e transferencia.

---

### Formación para persoal investigador

A través de accións formativas deseñadas especificamente para o persoal investigador, Ignicia proporciona a este colectivo coñecementos e habilidades que lles sirvan para liderar procesos de transferencia nos seus grupos e mellorar a interacción co persoal xestor de transferencia.

## 3. Fortalecemento de estruturas

---

Reforza o tecido de unidades de transferencia do Sistema Galego de I+D+i a través de liñas de actuación dirixidas a explorar modelos innovadores de xestión da transferencia e a desenvolver accións piloto para mellorar a eficiencia e a capacidade.



# 4.

## Interacción, visibilidade e promoción de capacidades do Sistema Galego de I+D+i

---

### Foro Ignicia

.....

O Foro Ignicia é un encontro anual de referencia onde se dan cita persoal xestor de transferencia, persoal investigador, *spin-offs* e todos os axentes implicados para visibilizar avances e debater sobre os desafíos en transferencia de coñecemento en Galicia.

---

### Encontros de transferencia

.....

Espazos físicos e virtuais para poñer en contacto aos axentes do ecosistema galego de I+D+i, identificando as necesidades das empresas e as capacidades dos centros de coñecemento, a fin de definir proxectos colaborativos.

---

### Presenza en foros de transferencia

.....

Coordina a participación de delegacións do ecosistema de I+D+i de Galicia en foros relacionados coa transferencia, como Transfiere (Málaga) ou Science4Industry (Madrid), que permiten ás entidades de I+D galegas presentar a súas capacidades científicas e tecnolóxicas.




## 5. Monitorización do sistema de transferencia



Ignicia conta cun Consello Asesor Externo, un órgano consultivo coa misión de proporcionar orientación para que as iniciativas e accións do programa se adecúen ás necesidades do ecosistema de I+D+i, mantendo o seu carácter innovador e pioneiro.

Entre as súas funcións atópase a supervisión e validación dos estudos realizados para analizar a evolución da transferencia de coñecemento no Sistema Galego de I+D+i, co obxectivo de definir indicadores en transferencia e de xerar coñecemento e información para o desenvolvemento de novas medidas de actuación.



# RESULTADOS



# RESULTADOS

Desde 2016 Ignicia impulsa a transferencia de resultados de investigación ao mercado

Investimento total Programa Ignicia

**21 M€**

A convocatoria Proba de Concepto apoiou ata 2025

**41**

proxectos

**21**

proxectos en desenvolvemento

**16**

proxectos no mercado

**3**

acordos coa industria

+

**13**

empresas *spin-off*

**+29 M€**

captados polos proxectos e polas *spin-off*

**+150**

empregos de alta cualificación xerados



E coas accións de apoio á transferencia de  
coñecemento lograronse:

20

accións formativas impartidas  
para persoal de xestión de  
transferencia **301 horas**

+200

profesionais formados en  
transferencia de coñecemento

28

xestores acreditados RTTP

12

accións formativas impartidas  
para persoal investigador  
**460,50 horas**

+190

persoas investigadoras  
formadas en transferencia  
de coñecemento

5

encontros de transferencia con  
máis de **70 empresas participantes**  
e **32 grupos de investigación**

8

participacións en foros nacionais de  
transferencia desde 2022 con máis de  
**20 entidades galegas de I+D+i**  
**representadas en cada evento**

## MÁIS INFORMACIÓN:

› **Convocatoria Proba de Concepto**

[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)

+34 981 541 076 / +34 981 541 079

› **Accións de apoio á transferencia**

[ignicia.gain@xunta.gal](mailto:ignicia.gain@xunta.gal)

+34 981 957 000



PROGRAMA  
**ignicia**  
TRANSFERENCIA  
DE COÑECEMENTO >>>



XUNTA  
DE GALICIA

GALICIA  
CALIDADE



Xacobeo  
2027